

XXX Festa da familia

O vindeiro **15 de Xuño, venres**, a Asociación de Nais e Pais de Alumnos do Colexio, organiza a **XXIX FESTA DA FAMILIA**, xornada de convivencia da **Comunidade Educativa Carmelitas**, que formamos: irmás, profesores, persoal non docente, alumnos, e nais e pais.

O programa desta xornada, que se desenvolverá nas instalacións do centro escolar, será o seguinte:

- 18:30 h** **TEATRO:** "Atasco" (Alumnos de Primaria).
BAILE: "Os estilos musicais" Grupos de danza creativa.
- 18:45 h** **Exposicións de infantil e primaria.**
- 19:15 h** **Exhibicións** (wushu, patinaxe)
- 19:45 h** **Talleres** (robótica, ábaco, bonecos de papel 3D, multideporte..)
- 21:00 h** Compartiremos unha **CEA FRÍA**.
- Haberá animadores e actividades para os nenos.**

Compraceríanos que este día estivésemos o maior número posible de nais e pais cos nosos fillos, para compartir esta xornada anual de encontro.

Para os efectos de organización, pregámoslles, aos que desexen asistir **cubran o boletín de participación que adxuntamos para entrego no Colexio** aos representantes da ANPA, que atenderán segun se especifica no seguinte cadro:

Mércores 6 de xuño	Luns 11 de xuño	Mércores 13 de Xuño
16:00-18:00 Portería Pena Trevinca (3º)	12:30-13:30 Portería Pena Trevinca (3º) Portería Correxidor 18:00-19:00 Portería Pena Trevinca (3º)	12:30 - 13:30 Portería Pena Trevinca (3º) Portería Correxidor

No momento de recoller as entradas, pregamos comuniquen se hai persoas **celíacas ou con outras alerxias ou intolerancias alimentarias**.

O prezo do menú é de 11 euros, pero cada participante socio só abonará **7 euros**, xa que o resto do importe corre por conta da ANPA. Un cordial saúdo.

Ourense, 31 de maio de 2018

XXX FESTA DA FAMILIA - ANPA CARMELITAS DE OURENSE - 15 de xuño de 2018

Adultos Nenos

Familia

Teléfono

Intolerancias alimentarias Celíacos

Coa colaboración de 